



AXUDA PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO

Curso 2013-2014

Instruccións

1. **As instancias** poderán obterse no centro, nas Xefaturas Territoriais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, e tamén se poderán descargar en <https://sede.xunta.es/detalle-procedemento?codCons=ED&codProc=330B&procedemento=ED330B> ou directamente na web do Instituto en "Secretaría", "Impresos"

Unha vez cuberta a solicitude deberá presentarse, xunto coa documentación segundo se indica no artigo 3 da orde de convocatoria, debidamente asinada polo pai, a nai ou titor/a do alumnado. Todo isto sen prexuízo da sinatura por parte do resto dos membros da unidade familiar computables para os efectos de renda que sexan maiores de idade, excepto nos supostos de separación ou divorcio, nos cales poderá omitirse a sinatura do proxenitor que non teña a custodia do menor.

Nota: Cubrir só anexo I

2. **Documentación.** Xunto coa solicitude presentárase orixinal e copia da seguinte documentación co fin de que a persoa que a reciba poida verificar a autenticidade da copia e devolva os orixinais.

Alumnado de educación secundaria obrigatoria:

a) Libro de familia no que figuren todos os membros da unidade familiar.

No caso de non ter libro de familia, ou se a situación familiar, a día 31 de decembro de 2011, non coincide coa reflectida no libro, terá que presentarse documento ou documentos acreditativos do número de membros da unidade familiar, tales como:

- Sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou o convenio regulador onde conste a custodia do causante.
- Certificado ou volante de convivencia.
- Informe dos servizos sociais ou órgano equivalente do concello de residencia, que acredite a situación familiar.

b) No caso de discapacidade dalgún dos membros da unidade familiar incluídos na solicitude deberá acompañarse un dos seguintes documentos que acrediten esta circunstancia a 31 de decembro de 2011:

- Certificado emitido polo órgano competente do grao de minusvalidez cunha porcentaxe igual ou superior ao 33%,
- Resolución ou certificado emitido pola Seguridade Social de pensión de incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou gran invalidez, ou



- Documentación acreditativa da condición de pensionista de clases pasivas cunha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.

c) No caso de situación de violencia de xénero no contorno familiar: documentación acreditativa.

O alumnado de educación especial unicamente deberá presentar a solicitude de axuda, non sendo necesario xuntar documentación algunha.

O alumnado cunha minusvalidez igual ou superior ao 65%, só ten que presentar a certificación emitida polo órgano competente do grao de minusvalidez cunha porcentaxe igual ou superior ao 65%, xunto coa solicitude da axuda.

Os menores que se atopen en situación de garda, tutela ou atención de día pola Xunta de Galicia non terán que acreditar os datos da unidade familiar nin do nivel de renda.

3. A Renda per cápita familiar (art. 6 da Orde 30/05/2013). Xeito de calcúlala:

a. Teñen dereito ás axudas as familias con renda per cápita igual ou inferior a 9.000 €

b. Renda familiar: Suma dos recadros 455 e 465 da declaración de 2011. **Renda familiar per cápita:** Renda familiar dividida polo nº de membros computables da familia a 31/12/2011.

c. Familiares con discapacidades ou similiares: As familias que poidan acreditar ter un membro con un 33% de discapacidade, unha pensión de incapacidade, etc, deberan contar este membro coma se foran dous

d. Violencia de xénero: Quedan excluídos do computo os ingresos do agresor

e. Sen declaración: Súmanse os ingresos netos de todos os membros computables.

4. Non teñen dereito á axuda o alumnado que repita curso e familias con máis de 9.000€ per cápita.

5. A documentación que se achegue deberá ter validez no momento da presentación da solicitude.

6. O centro educativo poderá requirir das persoas solicitantes, en calquera momento, aclaración da documentación presentada.